



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN XUVENTUDES MUSICAIS EIXO ATLÁNTICO PARA O PROXECTO CAMIÑOS SONOROS: VÍA DA PRATA 2019

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, en calidade de presidente da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos, en relación co Decreto 97/2018, que dispón o seu nomeamento como conselleiro de Cultura e Turismo e no exercicio das facultades que resultan do artigo 3 do Decreto 196/2012.

E doutra parte, D^a. Andrea González Pérez, en calidade de presidenta Xuventudes Musicais Eixo Atlántico, con domicilio social en Rúa San Miguel, núm. 8, Pazos de Rei, 36715 Tui.

As partes que interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que teñen conferidas para conveniar en nome das entidades que representan,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Axencia Turismo de Galicia créase como axencia pública autonómica polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establecendo como obxectivo desta o de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.





A Axencia Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da valorización dos recursos turísticos, así como o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, ostenta entre as súas funcións e/ou competencias a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, así como a súa promoción.

SEGUNDO.- O Consello da Xunta, na súa reunión do 23 de marzo de 2017 aprobou o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020.

O Plan Estratéxico do Turismo de Galicia plasma o marco de traballo en materia turística para o período 2017-2020, tendo en conta as necesidades dos axentes de distintos ámbitos da cadea de valor do sector turístico galego. A súa liña estratéxica 4 é sobre os camiños como dinamizadores do país.

O crecemento do Camiño de Santiago nos últimos anos foi especialmente intenso. Este éxito ven acompañado dun Plan Director do Camiño que o presente plan asume e apoia ata o final do seu desenvolvemento, coa mirada posta no vindeiro ano Xacobeo 2021. O ano 2019 é o ano adicado ao Camiño do Sudeste-Vía da Prata, segundo o citado Plan Director do Camiño.

TERCEIRO.- A Asociación Xuventudes Musicais Eixo Atlántico é unha asociación sen ánimo de lucro constituída como Asociación Autonómica ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, integrada en Juventudes Musicales de España.

De conformidade co disposto nos seus estatutos, entre os seus fins principais está a contribución ao coñecemento, o cultivo, o fomento e a difusión da cultura prestando atención especial á música e a arte en xeral.

Para a realización dos seus fins a citada Asociación poderá, entre outros, organizar festivais, concertos, recitais, audicións, sesións pedagóxicas, coloquios, concursos, editar publicacións e





audiovisuais..., e en xeral, calquera actividade que contribúa ao mellor cumprimento dos seus fins sociais.

TERCEIRO.- A colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e Xuventudes Musicais Eixo Atlántico responde ao interese común de ambas as dúas partes na promoción e divulgación do Camiño de Santiago a través música, en concreto na Vía da Prata.

Por parte da Axencia Turismo de Galicia considérase axeitado, como actuacións que se enmarcan na preparación do Xacobeo 2021, por razóns de interese público e social, colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio. Así mesmo dadas as específicas características da Asociación Xuventudes Musicais Eixo Atlántico, que é a entidade organizadora do proxecto Camiños Sonoros, contando coa participación dos conservatorios profesionais na Vía da Prata: Xinzo de Limia, Ourense, Verín, Lalín, A Estrada e Santiago de Compostela, así como con dous conservatorios superiores Vigo e A Coruña, resulta a única capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade.

En consecuencia, as partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Xuventudes Musicais Eixo Atlántico (en diante Asociación) para a realización conxunta do proxecto Camiños Sonoros: Vía da Prata 2019.

Camiños Sonoros é un proxecto que axunta música e patrimonio da man de xoves músicos dos conservatorios de Galicia. Trátase dun circuíto de concertos que terá lugar en espazos das rutas do Camiño de Santiago, escollendo nesta primeira edición a Vía da Prata.

Os seus obxectivos:





- Promover e integrar aos xoves intérpretes estudantes de conservatorios galegos, ofrecéndolles formación innovadora que eduque aos xoves a preservar, protexer e divulgar o patrimonio e crear un espazo profesional onde desenvolverse.
- Divulgar o Camiño de Santiago a través dun formato de concerto que inclúe a interpretación do repertorio de diferentes estilos musicais con breves explicacións dos intérpretes.
- Fortalecer a relación entre o peregrino e o camiño de Santiago situando ao músico como intermediario.

O proxecto Camiños Sonoros, na edición de 2019, constará de 40 concertos nos que participarán 100 músicos que se desenvolverán en 14 espazos diferentes na Vía da Prata. Os concertos realizaranse durante os venres, sábados e domingos nos meses de abril, maio, xuño e xullo.

Así mesmo realizarase un concerto de clausura a cargo de músicos galegos profesionais cunha traxectoria destacada, nados en algunha cidade da Vía da Prata e vinculados aos conservatorios de Galicia. Serán os embaixadores do proxecto e referente artístico para os xoves alumnos dos conservatorios que participan no mesmo.

Os destinatarios do proxecto son, non só xoves estudantes do último ciclo de Ensinanzas Profesionais (5º e 6º cursos) dos conservatorios de música localizados ao longo da Vía da Prata, e os alumnos de Ensinanzas Superiores de Galicia que participan para engadir calidade interpretativa á programación senón e fundamentalmente, os peregrinos e o público xeral, de xeito tal que, o activo inmaterial que a dinamización que estas actuacións suporán ao longo da Vía da Prata atraendo a máis público e peregrinos en xeral ao camiño xunto co achegamento ao coñecemento da música galega como produto turístico é un activo inmaterial incuestionable para a Comunidade Autónoma.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimado para as actuacións obxecto do presente convenio ascende a 135.903,45€, co seguinte desagregamento:





CONCEPTO	IMPORTE	IVE (%)	TOTAL
Persoal artístico: honorarios músicos (inclúe viaxes e formación)	29.240€	10%	33.375€
Aluguer de pianos, desprazamentos, montaxe, iluminación e son	31.613,26€	21%	38.252,05€
Comunicación, deseño, web, impresión, contidos, programación	20.000€	21%, 10%	23.980€
Dirección, coordinación e produción	33.000€	10%	36.300€
Seguro e gastos de administración	3.340€	21%, 6%	3.996,40€
TOTAL			135.903,45€

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia achegará a contía de 135.903,45€. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que a Asociación obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.





A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.640.0, “Promoción e difusión do turismo”, código de proxecto 2018 00002, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2019.

TERCEIRA.- COMPROMISO DAS PARTES

A Asociación queda obrigada á celebración das referidas actuacións, e a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente. Comprometéndose a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Incluír a “Marca Turística de Galicia” nas actuacións obxecto do presente convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca, deberán descargar da páxina www.turgalicia.es/marca01s os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso. Así mesmo, deberá incluírse a marca Xacobeo 2021.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.”

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través de realización do investimento previsto na cláusula segunda. Así mesmo, a Axencia Turismo de Galicia colaborará na organización e coordinación do proxecto.





CUARTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

QUINTA.- RESULTADOS CONXUNTOS

Pola sinatura do convenio a Asociación consente a utilización da marca Camiños Sonoros pola Axencia Turismo de Galicia.

O diverso material promocional, elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada por ambas partes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- A achega da Axencia Turismo de Galicia será librada previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, para o que a Asociación deberá presentar a seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.
- Facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pago.





- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2º.- O prazo para a presentación da citada documentación xustificativa remata o **15 de outubro de 2019**.

3º.- A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total inicialmente previsto neste convenio, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

4º.- A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por dous representante designados por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.





As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento, e en última instancia dirimiranse na xurisdición contencioso-administrativa.

OITAVA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO E CAUSAS DE RESOLUCIÓN

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

NOVENA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de





novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.





As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2019.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Pola Asociación Xuventudes Musicais Eixo Atlántico

O presidente

A presidenta

Román Rodríguez González

Andrea González Pérez

